



CONCELLO DE MUROS  
(A Coruña)

**B A N D O**  
**NORMAS PARA LUMIÑOS DE SAN XOAN**

Este ano, como no anterior, as festas de San Xoán vanse celebrar nunhas circunstancias especiais, debido a epidemia provocada pola Covid 19. É importante polo tanto para impedir riscos, evitar contaxios e non incrementar a incidencia no municipio, cumprir cunha serie de normas, tanto de seguridade e prevención de lumes, como de aglomeración de persoas e normas hixiénicas e sanitarias.

**SOLICITUDES**

- As persoas, asociacións ou comunidades que desexen realizar unha cacharela deberán presentar a solicitude no Concello de Muros, antes das 14:00 horas do día 18 de xuño de 2021, cumprimentando o modelo de solicitude e achegando a documentación.

**NORMAS PARA A REALIZACIÓN DOS LUMIÑOS**

1.- Non está permitido facer as laradas en PRAIAS, VÍAS PÚBLICAS, XARDÍNS OU PARQUES PÚBLICOS, en terreos forestais ou nas proximidades de masas arbóreas.

2.- As laradas ou cacharelas situaranse en lugares seguros, de tal xeito, que non exista perigo de propagación accidental ás vivendas, instalacións ou terreos próximos. Deberán ter en conta a existencia de cableado, tendidos eléctricos, etc. Arredor da cacharela deixarase unha franxa duns 5 metros libre de calquera elemento combustible.

3.- Deberán situarse en zonas afastadas de masas arbóreas alomenos 50 mts. Os responsables deben asegurarse de contar con medios de extinción mínimos pero suficientes para o seu uso inmediato en caso de ser necesario.

4.- Non se permite a utilización de líquidos inflamables nin queimar produtos contaminantes (plásticos, pinturas, gomas, ...).

5.- As laradas deben estar baixo vixilancia en todo momento. Non se poderá abandonar a larada ata estar seguros de que o lume quedou completamente apagado, debendo retirar todos os restos que queden unha vez rematado o evento.

6.- O número de asistentes non superará o que determine a normativa sanitaria de aplicación no momento da celebración da festa.

7.- As autorizacións outorgadas non eximirán, en ningún caso, das responsabilidades por danos e prexuízos a que houber lugar no caso de que concorrese negligencia ou imprudencia.

8.- As Cacharelas poderán ser revisadas polos servizos municipais para ver se cumpren a normativa esixida.

Muros, 01 de xuño de 2021  
A Alcaldesa

M. Inés Monteagudo Romero